

## PRÓLOGO

No curso académico 2011-2012 organizamos, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, o III Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte, co financiamento da Oficina de Cursos e Congresos, da Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura, e da Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña.

Igual que en edicións anteriores, o obxectivo xeral do ciclo de conferencias é facilitar a integración dos temas de xénero no curriculum formativo, animar ao profesorado a introducir estas cuestións na súas materias e sensibilizar ao alumnado da necesidade de formarse dun xeito específico para dar resposta ao tratamento da diversidade de xénero unha vez inmersos no mundo laboral.

A estrutura organizativa das conferencias é semellante á de anteriores edicións:

- Organízase unha conferencia para cada curso do Grao, de forma que o alumnado, ao rematar os estudos, ten asistido, polo menos, a catro conferencias, unha por ano.
- En cada curso hai unha materia que de maneira específica atende estes temas na súa Guía Docente, de forma que se ten creado unha rede de materias comprometidas co xénero. En 1º curso están as materias de *Teoría e historia da actividade física e do deporte* e *Habilidades ximnásticas e a súa didáctica*. En 2º curso está *Socioloxía da actividade física e do deporte*; en 3º curso *Expresión corporal e danza*; e en 4º curso seleccionouse a disciplina de *Practicum e Traballo Fin de Grao*, co fin de potenciar o tratamento destes temas nos proxectos que os alumnos deben desenvolver. As conferencias prográmanse facéndoas coincidir cos horarios de clase, de xeito que o contido poda ser considerado materia formativa en cada unha delas.
- De todos os xeitos, a oferta de conferencias está aberta a todo o alumnado do Grao e a calquera outro membro da comunidade universitaria, así como a persoas de fóra. Ademais, con esta estrutura garantimos que todos os que están matriculados podan asistir.

No I ciclo de conferencias seleccionamos as persoas máis representativas no estudo do xénero e o deporte, tanto no caso de España como de Portugal, mulleres pioneiras e con traxectorias moi longas, como foi o caso de Élide Alfaro Gandarillas do Inef de Madrid, Milagros García Bonafé do Inef de Barcelona e Paula Botelho Gomes da Facultade do Deporte de Oporto. Tamén a dúas profesoras de universidades galegas que representan a nova xeración de investigadoras comprometidas co xénero e o deporte: María Ángeles Fernández

Villarino e Cristina López Villar; e a Marta Bobo Arce, investigadora principal dun proxecto de investigación subvencionado polo Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia e realizado polo GEXAFD: Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte, creado no 2009 no Inef-Galicia.

No II ciclo de conferencias utilizamos o criterio de convidar a algunhas das persoas da Universidade da Coruña que están a traballar en temas de xénero dende outros centros e áreas. Foi o caso de Ana Iglesias Galdo, da Facultade de Ciencias da Educación, e de Sandra Martínez Bustelo, da Escola Universitaria de Fisioterapia. Ademais pensamos en estimular o alumnado que no Traballo de Fin de Grao tratase a temática de xénero; por ese motivo presentaron a súa investigación Jorge Millán Pérez e Andrés Pérez Coello. Finalmente, para ofrecer unha experiencia práctica na escola, foi convidado un mestre de Educación Primaria: Francisco Javier Guede García.

Para a selección dos conferencistas do III ciclo tivemos en conta unha variable que afectaba de xeito relevante á atención e implicación dos asistentes: que o xénero do interlocutor fose home. A experiencia nos ciclos anteriores demostrounos que se entende como máis normal que unha muller reivindique a igualdade de oportunidades, pero que un home denuncie a discriminación da muller crea máis expectación e incrementa a atención e o interese.

Por este motivo pensamos en dous homes para tratar temas históricos, a través dos cales quedaban desveladas as diferenzas de oportunidades entre homes e mulleres e a incorporación das mulleres ao deporte, superando as barreiras sociais e culturais, tanto no caso de Galicia como en España. Así, Andrés Domínguez Almansa, investigador da Universidade de Santiago de Compostela, escribe sobre o esforzo da muller en Galicia contra a exclusión na sociedade da modernidade, e Xavier Pujadas Martí, profesor da Universidade Ramón Llull de Barcelona, explica o proceso de como as mulleres pasaron de espectadoras a protagonistas durante a II República.

Mantendo o interese da Facultade por formar aos alumnos na planificación de exercicios diferenciados para homes e para mulleres, convidamos a Aida Soraluze Acebo para falar de actividade física respectuosa e control abdomino-pélvico, dado que, ademais de ser licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, é especialista en embarazo e posparto.

E igualmente, mantendo o interese por tratar o tema do xénero dende o ámbito educativo, contactamos con Adela Mirás Calvo, profesora de Educación Física de ensino secundario e Directora do CPI de Cova Terreña de Baiona. A súa intervención estivo centrada nas estratexias para a eliminación de estereotipos sexistas dende a aula, pero tamén dende o centro educativo.

Compre engadir que estas mulleres conferencistas iniciaron a súa formación no Inef-Galicia nas primeiras promocións e que na actualidade son persoas rele-

vantes nos seus ámbitos. Dende a Facultade desexamos visibilizar aos exalumnos/as que están a traballar coa perspectiva de xénero no seu día a día.

Continuamos co compromiso de publicar os ciclos de conferencias para que non se perdan as magníficas intervencións dos participantes, para dispor de un fondo documental co paso dos anos, visibilizar a iniciativa a nivel institucional e rentabilizar o esforzo de organización. De todos os xeitos, tamén vimos de abrir unha nova vía de difusión das conferencias a través da páxina web do Repositorio Institucional da UDC (RUC): <http://ruc.udc.es/dspace/>. Neste espazo virtual creouse un epígrafe específico, dentro do apartado *Congresos UDC*, para os Ciclos de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte: (<http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/9053>).

Pero este compromiso da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física co xénero e o deporte non sería posible se as institucións universitarias non apoiaran economicamente a iniciativa. Polo tanto, máis que nunca, nestes tempos de crise e de recortes na educación, na cultura, nos dereitos e na igualdade de oportunidades, queremos expresar o noso agradecemento á Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura por manter a convocatoria de axudas a través da Oficina de Cursos; e tamén á Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña, primeiro por non desaparecer e despois por dar resposta ás nosas peticións.

Temos a esperanza de poder presentarnos de novo ás convocatorias de axudas que a universidade faga para o curso 2012-2013 e os sucesivos; iso será un indicador de que remonta a sociedade do benestar e as reivindicacións da igualdade de oportunidades para homes e mulleres volven ser unha prioridade. Pero, sobre todo, será un indicador de que esta sociedade está a recuperar os valores éticos, a cultura do traballo ben feito, do compromiso e da responsabilidade.

Este III ciclo de conferencias foi unha nova etapa dentro desta carreira de fondo que iniciamos no curso 2009-2010. Xa estamos a pensar no IV ciclo de conferencias para o ano 2012-2013 ¿Contamos contigo?

María José Mosquera González  
Vicedecana de Estudantes e Extensión Univesitaria  
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física  
Universidade de A Coruña